




# A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

EDICIÓN 2013



## Presentación do estudo

### I. Caracterización do sector empresarial galego

### II. Equipamento TIC e contratación de Internet

Dispoñibilidade de ordenador

Contratación de Internet

Velocidade e Banda larga móbil

Xestión empresarial

.

### III. Páxina web e redes sociais

### IV. Comercio electrónico

### V. Interacción coas AAPP a través de Internet

### VI. Análise sectorial

### VII. Análise provincial

## Conclusiones



## Presentación do estudo

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste diagnóstico sobre “A Sociedade da Información nas empresas de Galicia”

**Marco estratéxico:** Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

## Obxectivos

Analizar en detalle e, cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada co:

- Equipamento TIC e conectividade a Internet
- Xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC
- Disponibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing
- Comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.



## Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A información que se amosa neste documento procede da Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE.



## Datos complementarios aos publicados polo INE

O Convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.

## I. Caracterización do sector empresarial galego (I)


### Ubicación das empresas

(Total de empresas)

|                                                        | MENOS DE 9<br>TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS | TOTAL          |
|--------------------------------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|----------------|
| A CORUÑA                                               | 81.991                         | 3.404                          | 85.395         |
| LUGO                                                   | 24.507                         | 866                            | 25.373         |
| OURENSE                                                | 22.886                         | 787                            | 23.673         |
| PONTEVEDRA                                             | 66.580                         | 3.028                          | 69.608         |
| CON SEDE FÓRA DE<br>GALICIA E ACTIVIDADE<br>EN GALICIA | 4.033                          | 1.120                          | 5.153          |
| <b>TOTAL</b>                                           | <b>199.997</b>                 | <b>9.205</b>                   | <b>209.202</b> |

### Distribución das empresas segundo número de traballadores/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2012.



☞ En Galicia existen 209.202 empresas, das que o 95,6% contan con menos de 10 traballadores/as.


☞ Dúas provincias galegas concentran o 74,1% do total de empresas de Galicia: A Coruña, cun 40,8%, e Pontevedra cun 33,3%.

☞ 5.153 empresas teñen a súa sede fóra de Galicia pero desenvolven actividade empresarial na Comunidade Galega.

## I. Caracterización do sector empresarial galego (II)


☞ A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 76% das empresas galegas.

☞ O 55,7% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”, e o 44,3% restante son formas societarias e outras formas xurídicas.




### Actividade das empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



### Forma xurídica das empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)







## II. Equipamento TIC e contratación de Internet



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Disponibilidade de ordenador



Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

➔ Converxencia das microempresas galegas coa media estatal na dispoñibilidade de ordenador, superando o 71%:

- O crecemento da dispoñibilidade de ordenador nas microempresas galegas foi dun 13,6%, moi superior ao crecemento estatal (0,4%)
- Diminución da fenda de 8,5 puntos a 0,4 puntos e acadar a converxencia coa media estatal.

➔ O equipamento de ordenador achégase ao 100% nas empresas de 10 e máis empregados/as.






## II. Equipamento TIC e contratación de Internet



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Contratación de Internet

Empresas de 0 a 9 empregados/as  
Evolución e Comparación Galicia e España  
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

☞ O 64,9% das microempresas galegas xa dispón de conexión á Internet, cun incremento do 12,3% respecto de 2012, fronte ao 0,8% da media estatal. Isto traduciuse nunha diminución da fenda dixital de 6,6 puntos.

☞ A práctica totalidade de empresas de 10 ou máis traballadores/as ten contratado Internet, superando lixeiramente a media estatal.



Empresas de 10 e máis empregados/as  
Evolución e Comparación Galicia e España  
(% sobre o total de empresas)






## II. Equipamento TIC e contratación de Internet



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Velocidade e Banda larga móbil

#### Velocidade de conexión a Internet contratada. Galicia




- Empresas de 10 e máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 e máis empregados/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 empregados/as con sede en Galicia e conexión a Internet

➡ O 96% das microempresas e o 99% das empresas de 10 e máis empregados/as con Internet contrataron velocidades por riba dos 2 MB/seg.

➡ Case o 30% das empresas contratou velocidades de entre 10 e 30 Mb/seg.

➡ O 52% das microempresas con conexión a Internet teñen acceso á Rede a través de banda larga móbil, un 34,4% máis que no ano 2012.

#### Conexión a Internet a través de Banda larga móbil. Galicia



| Empresas que proporcionaron dispositivos portátiles de conexión móbil a Internet aos seus empregados/as |       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| MENOS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS                                                                         | 13,1% |
| DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA                                                      | 39,0% |
| DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE E/OU ACTIVIDADE EN GALICIA                                      | 48,6% |

Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet



## II. Equipamento TIC e contratación de Internet




A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Xestión empresarial - cloud computing

#### Empresas de 0 a 9 empregados/as.

##### Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

#### Empresas de 10 e máis empregados/as.

##### Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet)



➡ O 16,3% de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e o 19,2% das que desenvolven actividade en Galicia utilizan solucións de Cloud Computing, valor próximo á media estatal.


➡ Nas microempresas, o uso da computación na nube descende ao 9,7%.

➡ As principais funcionalidades do uso de Cloud Computing son o almacenamento e as copias de seguridade (backup)



### Xestión empresarial - efactura

☞ Un 26,6% das empresas de 10 e máis traballadores/as con sede en Galicia recibiu facturas electrónicas e un 7,8% emitíunas, superando en ambos os dous casos a media estatal en 0,5 puntos porcentuais.



Fonte: INE



☞ Entre as microempresas, só unha de cada dez empresas recibe facturas electrónicas e a emisión de facturas electrónicas é aínda pouco significativa, presentando a media galega e estatal valores inferiores ao 1%.



## II. Equipamento TIC e contratación de Internet




A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Xestión empresarial - ERP e CRM


#### Empresas que dispoñen de ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas da empresa

(% sobre o total de empresas)



#### Empresas que dispoñen de CRM para xestionar información de clientes

(% sobre o total de empresas)



☞ O 30,9% das empresas de 10 ou máis empregados/as e con sede en Galicia dispoñen de ferramentas informáticas ERP, 5,7 puntos porcentuais máis que no ano 2012. Para as empresas con actividade en Galicia, a porcentaxe elévase ata un 37,8%, situándose por riba da media estatal (33,1%).

☞ A evolución do ERP nas empresas de menor tamaño é tamén positiva e, cunha porcentaxe de uso do 3,8%, presenta un dato mellor que a media estatal (3%).

☞ O 26,6% das empresas de maior tamaño con sede en Galicia e o 31,9% das empresas con actividade en Galicia dispón de ferramentas CRM, situándose esta última porcentaxe por riba da media estatal (31,2%). Pola súa banda, o 4,8% das microempresas fai uso dun CRM, dato similar ao que rexistran de media as microempresas españolas (5%)




### III. Páxina web e redes sociais (I)



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

#### Dispoñibilidade de páxina web

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE



☞ O 69% de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e o 64,4% das que teñen a súa sede en Galicia dispoñen de páxina web.

☞ No caso das microempresas, a dispoñibilidade de web é do 28,1%, cun incremento do 15,2% no último ano. Isto tradúcese nunha diminución da fenda en 3 puntos e sitúa as microempresas galegas a só 1,2 puntos da media estatal (29,3%)




### III. Páxina web e redes sociais (II)

#### Empresas que utilizaron Redes sociais

(Facebook, LinkedIn, tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)

#### Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

☞ O principal uso que as empresas fan das redes sociais é o desenvolvemento da imaxe da empresa ou dos seus produtos, así como plataforma para a recepción e emisión de valoracións dos clientes.

☞ En termos evolutivos, augúrase un crecemento do emprego das redes sociais nas empresa como medio de acceder e comunicarse cos seus clientes ou para o seu negocio.



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

☞ Arredor de 1 de cada 4 empresas galegas utilizou as redes sociais.

☞ As diferenzas en función do tamaño da empresa son pouco significativas, e incluso o dato das microempresas supera lixeiramente ao das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia .

☞ A utilización de redes sociais por parte das empresas galegas presentan valores similares á media estatal.






## IV. Comercio electrónico



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Empresas que venderon a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

➡ O 16,3% de empresas de 10 ou máis traballadores con sede e/ou actividade en Galicia e o 12,8% das que teñen a sede en Galicia empregaron a Rede para realizar vendas, mentres que, no caso das microempresas, a porcentaxe redúcese ao 2,2%.

➡ En termos evolutivos, é moi salientable o incremento na venda electrónica experimentado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia, que nun ano pasan de 9,4% a 12,8%. Por outra banda, cabe destacar que o dato para as empresas con actividade en Galicia supera en case 2 puntos porcentuais a media estatal.





## V. Interacción coas AAPP




A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

- ☞ A e-administración está a ser un elemento impulsor na implantación e uso das TIC nas empresas.
- ☞ Arredor do 90% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet interactou coas AA.PP. a través de Internet fronte ao 62,8% das microempresas.
- ☞ As microempresas galegas avantan ás do conxunto do Estado neste indicador, concretamente, sitúanse 1,4 puntos porcentuais por riba da media estatal.

**Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano**  
**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE




## VI. Análise sectorial (I)




A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

**Empresas que disponen de conexión a Internet segundo a actividade**  
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

**Acceso a Internet a través de Banda Larga Móbil segundo a actividade**  
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

☞ Nas empresas de 10 e máis empregados /as, a conexión a Internet está xeralizada pero obsérvase unha significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos e as da Industria e Construción.

☞ Case tres de cada catro microempresas do sector Servizos ten contratado Internet, mentres que nos outros dous sectores esta porcentaxe non acada o 50%.

☞ A banda larga mediante dispositivos móbiles (tablets, netbooks, notebook, teléfonos móbiles, etc) amosa unha consolidación considerable especialmente no sector da Construción.




## VI. Análise sectorial (II)



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Disponibilidade de páxina web segundo a actividade

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


- ☞ O sector de actividade introduce unha importante fenda en canto á dispoñibilidade de páxina web:
  - ☞ As empresas do sector industrial superan en máis de 6 puntos a media galega en todos os estratos de empregados/as
  - ☞ No sector da Construción sitúanse máis de 14 puntos por baixo da media galega.



## VI. Análise sectorial (III)

### Soluciones de cloud computing segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Redes Sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) segundo actividade

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

☞ As empresas grandes do sector servizos que desenvolven a súa actividade en Galicia presentan as maiores intensidades de uso do Cloud Computing (21,8%).

☞ O uso de Cloud Computing está pouco extendido no sector da Construción, tanto nas microempresas como nas empresas grandes.

☞ A presenza en redes sociais é maior entre as empresas do sector Servizos, e menos significativa entre as do sector da Construción.






## VI. Análise sectorial (IV)



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

### Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano segundo a actividade

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

➡ Arredor do 90% das empresas de 10 e máis empregados/as interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano, destacando as do sector da Construción.

➡ Entre as microempresas, obsérvase unha importante fenda: Dúas de cada tres microempresas do sector da Construción e Servizos interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet, mentres que esta porcentaxe redúcese ao 33,2% no sector Industrial.



## VII. Análise provincial


➡ Na Coruña e Pontevedra, a porcentaxe de uso das redes sociais é maior nas microempresas que nas empresas máis grandes, o que pon de manifesto a súa importancia para o pequeno empresariado.



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA


### Redes Sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) segundo provincia

(%sobre o total de empresas)



### Acceso a Internet a través de Banda Larga Móbil segundo provincia

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)



➡ Ourense destaca como a provincia con maior acceso á banda larga móbil e Lugo como a provincia cos valores máis baixos.



## Conclusiones I



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

☞ Galicia conta con 209.202 empresas, das que o 95,6% teñen menos de 10 traballadores/as. Servizos é o sector de actividade maioritario (76%).

☞ **Significativo avance da banda larga móbil:** Incrementouse un 34,4% entre as micrompresas galegas con conexión a Internet, sitúandose no 52%. Esta porcentaxe supera o 70% nas empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade de Galicia.

☞ **Optimización da xestión empresarial: efactura, Cloud Computing e Redes Sociais:**

☞ O 19,2% das empresas de 10 e máis traballadores/as con conexión a Internet que desenvolven actividade en Galicia utilizan solucións Cloud Computing, valor próximo á media estatal (19,8%)

☞ Arredor de 1 de cada 4 empresas galegas con conexión a Internet utilizou as redes sociais. A presenza nas redes sociais das microempresas supera lixeiramente á das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia.

☞ Un 26,6% das empresas de 10 e máis traballadores/as con sede en Galicia recibiu facturas electrónicas e un 7,8% emitíunas, superando en ambos os dous casos a media estatal en 0,5 puntos

☞ **Crecemento do comercio electrónico nas grandes empresas:** O 16,3% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia venderon a través de Internet, 2 puntos por riba da media estatal.

☞ As **microempresas galegas converxen** coa media estatal en dispoñibilidade de ordenador, Internet e web e avantaxan ás do conxunto do Estado en interacción coas AA.PP a través de Internet.

### **Análise sectorial:**

- ➡ As empresas do sector Construción destacan no uso da banda larga móbil.
- ➡ As empresas adicadas á Industria sobresaen na dispoñibilidade de páxina web.
- ➡ No sector Servizos, as empresas destacan polo maior uso das redes sociais, especialmente nas actividades de Aloxamento.


### **Análise provincial:**

- ➡ Ourense destaca como a provincia con maior acceso á banda larga móbil e Lugo rexistra os valores máis baixos.
- ➡ Na Coruña e Pontevedra, o uso das redes sociais é maior nas microempresas que nas empresas grandes, poñendo de manifesto a súa importancia para o pequeno empresariado.



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

galici@



XUNTA  
DE GALICIA

Máis información: [www.osimga.org](http://www.osimga.org)